

### 1. Introducción

A historia de Roma supón unha longa viaxe no tempo e no espazo. O percorrido abrangue arredor de 1.200 anos, desde o s. VIII a. C. ata finais do V. Partindo dunha aldea no centro do Lacio, os romanos acabarán dominando desde o *finis terrae* atlántico ata as costas de Asia Menor. Conformarán así o maior imperio da Antigüidade occidental.

Por cuestións pedagóxicas a historia romana divídese en tres grandes períodos en función do sistema de goberno; mesmo as datas empregadas son puras convencións: Monarquía, do 753 ao 509 a. C.; República (gobierno dunha elite aristocrática, a *nobilitas*), do 509 ao 27 a. C., e Imperio, do 27 a. C. ao 476. Pola súa vez, distinguimos Alto (ss. I e II) e Baixo Imperio (ss. III-V) a partir do cambio de tendencia que supón a longuísima crise da terceira centuria.

#### Fontes escritas

Históricas	Annalistas (s. III a. C.) <i>Ab Urbe condita</i> (Tito Livio) <i>De Catilinae coniuratione</i> , <i>Bellum Iugurthinum</i> (Salustio) <i>De bello Gallico</i> , <i>De bello civile</i> (César) <i>Annales</i> , <i>Historiae</i> (Tácito) <i>Historia romana</i> (Apiano)
Biografía	<i>De vita Caesarum</i> (Suetonio)
Epístolas	Cicerón
Tratados	<i>De architectura</i> (Vitruvio)
Enciclopedias	<i>Naturalis Historia</i> (Plinio O Vello)
Poesía	Ovidio, Virxilio, Horacio
Comedia	Terencio, Plauto
Novela	<i>O Satiricón</i> (Petronio)

### 2. Roma antes de Roma

A finais da cultura do Bronce e inicios da do Ferro (ca. o ano 1000 a. C.) a península itálica presenta un panorama marcado pola diversidade cultural e lingüística, un mosaico de comunidades formado por pobos itálicos, etruscos e gregos.

Os pobos da península itálica son coñecidos de maneira xenérica como itálicos. Moitos deles presentan fortes influencias de grupos indoeuropeos que entraron na rexión en vagas de distinta intensidade, mesturándose coas comunidades locais (unha das máis destacadas foi a de Villanova,

preto de Boloña). Entre os numerosos grupos itálicos figuran os umbros (no norte de Italia, que falaban umbro); os latinos (no Lacio, que tiñan como lingua o latín) ou os samnitas (na Campania, que falaban osco). A maioría destes grupos habitaban aldeas dedicadas a actividades agropecuarias; é dicir, descoñecían a vida urbana.

Entre as comunidades da rexión sobresae unha de maneira moi notoria, os etruscos, a principal cultura da península itálica entre o 800 e o 500 a. C. Situados na actual Toscana, deles recolléronse milleiros de inscricións nun alfabeto derivado do grego e elaborados restos funerarios (tumbas ricamente decoradas con frescos ou sarcófagos). O desenvolvemento extraordinario desta cultura suscitou un debate sobre as súas orixes: de onde procedían os etruscos? eran foráneos ou peninsulares? Hoxe adoita admitirse que xurdirían en Italia ca. o s. IX, sobre o substrato nativo villanoviano, mentres o factor decisivo para o seu progreso serían precisamente os contactos con viaxeiros fenicios e gregos. De feito, asumiron grandes influencias helenas. E así desenvolveron un modo de vida urbano, con cidades independentes (Tarquinia, Ceres, Veies etc.), rexidas por reis e cunha puxante actividade comercial. Curiosamente, os etruscos, os máis fortes en principio, non serán quen de impoñerse na rexión e acabarán absorbidos por Roma.

Por último, na costa sur peninsular (de Tarento á Campania) e na illa de Sicilia asentáronse colonos gregos; fixérono con tanta intensidade que a rexión chegou a denominarse Magna Grecia. Entre as súas colonias están: Cumas, a rica Síbaris, Crotona ou Siracusa.

### 3. As orixes: entre a lenda e a historia

As orixes remotas de Roma pérdense na lenda e diversas narracións míticas tentan explicalas a partir do epónimo fundador da cidade. A tradición depende no esencial de dous historiadores da época augustea, Tito Livio e Dionisio de Halicarnaso, que fixan por escrito narracións moi antigas. Ambos os dous vinculan a orixe da *Urbs* cunha liñaxe de deuses e heroes do mundo heleno, o máis admirado por un romano. Se Augusto pretendía forxar as bases dunha nova e brillante Roma, precisaba que os seus inicios fosen extraordinarios. Estas fontes defenden unha idea común aos gregos: a existencia dun acto fundacional, que datan no ano 753 a. C., e protagonizado por Rómulo, descendente dun vello heroe troiano, Eneas.

Segundo a lenda, mil veces repetida, rematada a guerra de Troia, Eneas fundara unha cidade na beira do Tíber, Alba Longa, sobre a cal reinaron numerosos descendentes ata o rei Numitor e seu irmán Amulio. Este último destrona o monarca e, para evitar que tivese descendencia, obriga a súa filla, Rea Silvia, a permanecer virxe como sacerdotisa de Vesta. Non obstante, ela queda embarazada do deus Marte e ten dous xemelgos, Rómulo e Remo. Amulio resolve botalos ao río, pero son salvados e aleitados por unha loba. Xa maiores, os irmáns descubren a súa identidade, vingan o seu avó e fundan unha nova cidade: Roma. A loita entre os dous deixa a Rómulo como o seu único rei.

Grazas á arqueoloxía sabemos que a orixe de Roma se sitúa xustamente no Palatino, contra finais do s. VIII a. C., época na que os restos comezan a ser máis abundantes, pero explicana máis coma un proceso evolutivo que como o resultado dun evento fundacional. Porén, algúns estudosos moi reputados, como A. Carandini, tentan aínda hoxe en día encaixar a narración mítica cos últimos achados arqueolóxicos na procura de figuras como o lendario Rómulo.

## 4. Monarquía (753-509 a. C.)

Roma comeza a súa historia desde un asentamento inicial no alto do Palatino, outeiro próximo a un vao que permitía cruzar o río Tíber e paso natural desde Etruria á chaira latina. Durante a monarquía o poboamento foise estendendo polos outros seis outeiros próximos: Capitolino, Quirinal, Viminal, Aventino, Esquilino e Celio.

As fontes sinalan a existencia de sete monarcas, que, cunha política continuísta e progresiva, contribuíron cada un deles ao crecemento de Roma dunha maneira harmónica. Este relato, que nos chega da man de autores que escriben moito tempo despois dos feitos, cuestiónase ás veces: parecen moi poucos reis para 250 anos; ademais todos gobernan períodos de tempo similares... Malia todo, e a pesar da información que nos falta, temos unha idea bastante aproximada da Roma monárquica.

O rei romano era un *primum inter pares* elixido polo Senado, cámara que reunía os patricios, os líderes das primeiras familias romanas. Non se trataba, polo tanto, dun sistema hereditario. Rómulo é o monarca que suscita maiores dúbidas pola súa orixe lendaria. El sería o fundador da cidade e das súas principais institucións (as primeiras tribos, o Senado, etc.); Numa Pompilio sería o responsable de cimentar a relixión como base do Estado; Tulo Hostilio destacaría pola súa faceta militar (demostrada na súa vitoria contra Alba Longa) e Anco Marcio impulsaría o desenvolvemento urbanístico de Roma. A continuación virían os tres últimos monarcas considerados etruscos, se non pola súa orixe, si grazas á influencia exercida pola cultura etrusca: Tarquinio Prisco, Servio Tulio e Tarquinio o Soberbio. De feito, a partir do ano 600 aproximadamente Roma inicia unha fase de desenvolvemento económico e crecemento urbanístico. Servio Tulio foi o monarca máis decisivo, xa que no seu goberno se sitúa a primeira constitución política: a partir dun censo clasifícase a poboación masculina en cinco *classes* en función da súa riqueza; desta división deriva a organización do exército en unidades de combate (centurias) e tamén a conformación dunha asemblea popular, agrupando todas as centurias (*comitia centuriata*). Ademais organizase a poboación en tribos ou distritos (catro urbanas e un número crecente de rústicas, en función da expansión da cidade).



Lucrecia. Medallón da casa-pazo de Fonseca, en Santiago de Compostela. Imaxe propia

O último rei é Tarquinio o Soberbio: as fontes relatan o seu final como consecuencia dun episodio no que unha aristócrata, Lucrecia, é violada polo fillo do monarca. A reacción da nobreza suporía a fin da monarquía. Non obstante, as propias dificultades internas do goberno de Tarquinio e a evolución dos réximes monárquicos da época contextualizan e explican mellor o cambio de etapa.

## 5. República (509-27 a. C.)

Tras a caída da monarquía instáurase un réxime aristocrático, encabezado por dous maxistrados, cónsules. O sistema de goberno baséase no exercicio dos cargos públicos ou maxistraturas, que só os homes romanos libres (cidadáns) podían exercer. As maxistraturas eran cargos electivos, temporais na súa duración (polo común un ano), colexiados, progresivos (segundo un *cursus honorum*) e non remunerados. Cada unha delas exercía competencias específicas: os cónsules ostentaban o máximo poder executivo e militar; os censores elaboraban o censo e exercían a censura ou *cura morum*; os pretores impartían xustiza; os cuestores velaban polas finanzas do Estado; os edís asumían os asuntos urbanos; os tribunos da plebe defendían os intereses da plebe, etc. Deste esquema escapa unha maxistratura excepcional, a *dictatura*, á que se recorría en tempos de crise, entregándolle todo o poder de maneira temporal a un individuo, o *dictator*.

As diferenzas sociais existentes xa na Monarquía agudízanse durante a República. A conquista de territorios paradoxalmente agrava a discriminación. A elite patricia acapara as novas terras, mentres a maioría da poboación, a plebe, que contribúe de maneira activa aos éxitos militares, non só non obtén beneficio ningún senón que en ocasións afronta situacións ruinosas (pobreza e endebedamento) ao abandonaren terras e oficios para iren á guerra. O profundo desequilibrio entre a minoría patricia, que monopoliza poder e riqueza, e o resto da poboación provoca unha serie de conflitos nos que a maioría plebea reivindicará dereitos no ámbito político e económico. Este conflito patricio-plebeo prolóngase durante os dous primeiros séculos republicanos: os plebeos conseguirán as súas primeiras maxistraturas (tribunos da plebe, edís), unha asemblea popular que irá gañando forza, limitacións no acaparamento de terras, a codificación do dereito (na Lei das XII Táboas), a supresión do *nexum* (polo cal un cidadán podía perder a súa liberdade por non afrontar as súas débedas) etc. O conflito aparentemente remata no ano 287 a. C. coa Lei Hortensia, que outorga carácter de lei aos plebiscitos ou resolucións da asemblea popular.

### 5.1. A crise da República

As diferenzas fundamentais entre a minoría patricia e o resto da poboación non se resolveran e rexurdarán con forza na crise que marca o final da República. A partir do 133 a. C. comeza unha etapa caracterizada pola convulsión social e a violencia. Será un tempo de cambios e de guerras constantes no que grandes personaxes, sempre cunha brillante carreira militar detrás, liderarán a política romana. O vello conflito social radicalízase e plásmase no enfrontamento entre os políticos *populares* (que propoñen reformas para mellorar as condicións de vida da plebe)



Rómulo



Numa Pompilio



Tulo Hostilio



Anco Marcio



Tarquinio Prisco



Servio Tulio



Tarquinio o Soberbio



Gracos (133/122)



Ditadura de Sila (81-80)



César Pompeio Craso  
Primeiro Triunvirato (60-53)



Ditadura de César (46-44)



Octavio Marco Antonio Lépido  
Segundo Triunvirato (43-36)

Monarquía 753-509 a. C.

República 509-27 a. C.

e os *optimates* (partidarios de conservar o *statu quo* da aristocracia). Os primeiros *populares* serán os irmáns Graco (Tiberio e Caio, tribunos da plebe no ano 133 e 123 a. C. respectivamente), que marcarán o camiño das políticas reformistas: reparticións de terras, distribución de alimentos, fundacións de colonias para dispoñer de terras, maior participación dos cabaleiros nos tribunais de xustiza, extensión da cidadanía aos aliados etc. Malia a morte violenta dos dous irmáns, provocada pola furibunda oposición senatorial, as súas propostas serán periodicamente recuperadas por outros políticos, sobre todo desde o tribunado da plebe.

O último século republicano é un tempo de guerras continuas, xa non pola conquista de novos territorios, senón de enfrontamentos na propia península itálica e entre romanos. A primeira destas guerras é protagonizada polos aliados ou *socii* (90-88 a. C.). Ante a negativa romana a outorgar-lles a cidadanía, levántanse para conseguir a equiparación de dereitos. Aínda que os romanos se impoñen no campo de batalla, o conflito resólvese coa concesión da cidadanía. No fondo, Roma era xa consciente da necesidade de unificar e simplificar a xestión dos territorios na procura de máis eficacia.

No terreo militar destacou a figura de Sila, quen protagonizou a primeira guerra civil no seu enfrontamento con Mario (88-81 a. C.). Malia que ambos os dous loitaban por ver quen era o líder do exército, de feito representaban a loita política do período: Mario era un home afín aos intereses populares e Sila, partidario do bando senatorial. O triunfo silano desemboca na súa ditadura (81-80 a. C.), na que tentou aplicar unha reforma, seguindo os preceptos *optimates*, que superase a crise republicana. O seu fracaso dá paso ao primeiro triunvirato, un pacto entre tres grandes militares, Pompeio, César e Craso (60-53 a. C.), que acordan unha alianza persoal para reforzar a súa posición. A República segue funcionando coas súas maxistraturas, pero eles controlan o poder. O triunvirato acaba co enfrontamento entre César e Pompeio: de novo, unha disputa persoal cun fondo político. Pompeio é o home do Senado e César enarborar a bandeira popular. A vitoria de César (nas batallas de Farsalia, no 48 a. C., e Munda, no 45 a. C.) condúceo a unha nova ditadura, pero esta vez xa ben distinta: con carácter perpetuo e acaparando o poder republicano (consulado, pontificado máximo ou *tribunicia potestas*). Mantendo a aparencia republicana, César dinamita as bases da República. A preeminencia de César provocará a hostilidade senatorial e o seu asasinato, nos *idus* de marzo do 44 a. C.

Este magnicidio abre outro tempo convulso. Os seus seguidores, Octaviano (coñecido como Octavio, fillo adoptivo de César e herdeiro), Marco Antonio (principal socio) e Lépido, conforman un segundo triunvirato (38-35, renovado ata o 33 a. C.), este avalado pola Lei Titia. Eles aplican unha forte represión contra os rivais de César e perseguen os seus asasinatos noutra guerra civil: os triunviros contra Bruto e Casio. Tras a vitoria do bando cesariano (Filipos, 42 a. C.) evidenciárase a rivalidade entre Octavio e Marco Antonio. O Senado decantárase por Octavio, quen se baterá con Marco Antonio, acusado de aspirar á monarquía e de deslealdade a Roma pola súa relación coa raíña de Exipto, Cleopatra. A derrota de Marco Antonio (Acio, 33 a. C.) permite a Octavio quedar só no cumio do poder.

## 6. Imperio (27 a. C.-476)

### 6.1. Augusto

Vencido Marco Antonio, Octavio comeza a súa escalada cara á creación dun novo réxime, o principado. Deste xeito irá sumando títulos e competencias de maneira progresiva, algúns propios da república e outros novos: *princeps Senatus* (a cabeza do Senado; de onde virá o termo principado), *imperium maius* (poder supremo do exército; de aí derivará emperador), *Augustus* (un apelativo de tipo honorífico co significado de «venerable» e co que pasará á historia), *tribunicia potestas* (o poder dos tribunos da plebe), cónsul, *curator legum et morum* (responsable de velar polos costumes e a moral), *pontifex maximus* e *Pater Patriae* (que identifica a Octavio como «pai» de todos os romanos). O inicio do seu goberno en solitario como *princeps* ou *imperator* do novo réxime como tal sitúase no ano 27 a. C.

Augusto impón a *pax romana* ou *pax Augusta*, un período de estabilidade e prosperidade tras décadas de violencia e conflictividade. Foi un grande estadista que, ademais, dispuxo de máis tempo que ningún outro gobernante romano para levar adiante a súa política (ata a súa morte no 14). Fixa a súa atención na propia Roma e nos seus problemas, dona xa dun Estado enorme que debe atender, cuxos límites son: ao norte, os ríos Rin-Danubio; polo sur, Exipto; ao oeste, o océano Atlántico, e polo leste, o río Éufrates. O seu goberno procurou restaurar a todos os niveis un Estado moi ferido: reorganizou a administración das provincias; reduciu efectivos militares; impulsou a rede viaria; fundou cidades (como *Lucus Augusti*); promoveu un programa de reconstrución en Roma; incentivou a natalidade, etc.

Augusto, ao non ter herdeiros directos, adoptou a Tiberio, fillo da súa esposa, Livia, como sucesor, garantindo así a continuidade dinástica. A partir de aquí o poder do Imperio sustentárase en familias ou dinastías imperiais.

### 6.2. Dinastías altoimperiais

Nos dous primeiros séculos imperiais gobernan os Xulio-Claudios, os Flavios e os Antoninos.



Augusto como *pontifex maximus*. Museo Nacional Romano do Palazzo Massimo alle Terme, Roma.



Tras Augusto, ningún dos seus herdeiros estará á súa altura: os emperadores Xulio-Claudios protagonizarán mandatos breves, marcados por actuacións excéntricas (Calígula ou Nerón). O máis capaz de todos será Claudio, un gobernante querido polo pobo, preocupado por mellorar a Administración e responsable da conquista da hostil Britania. A morte de Nerón (obrigado ao suicidio ante a forte oposición que suscitou o seu despotismo) leva a Roma a un tempo de inestabilidade e guerra no que catro aspirantes, Galba, Otón, Vitelio e Vespasiano, todos líderes de tropas asentadas nas provincias, disputan o poder no ano 69 (primeira anarquía). No conflito, no que se poñen de manifesto as tensións existentes xa entre Rome e Italia e o resto dos territorios provinciais (que se senten discriminados), imponse Vespasiano.

Vespasiano era un representante da oligarquía municipal itálica, hábil administrador e militar, que, unha vez no poder, asocia ao goberno os seus dous fillos, Tito e Domiciano, para garantir a continuidade dinástica. Os Flavios practicarán unha política familiar na que destaca a incorporación progresiva das elites itálicas e provinciais ao goberno romano. Esta dinastía queda ligada a unha obra emblemática pola súa grandiosidade, o anfiteatro flavio ou Coliseo, inaugurado no ano 80. Tamén neste período ten lugar a erupción do Vesuvio (79), que arrasa varias cidades do golfo de Nápoles: Pompeia, Herculano ou Estabia. A liña dinástica remata con Domiciano, un mandatario moi autoritario que acabou asasinado nun complot animado polo Senado. Tan negativa era a súa imaxe que sufriu *damnatio memoriae* (condena ao esquecemento: borrouse o seu recordo dos ámbitos públicos).

Os Antoninos prolongan os seus mandatos ao longo do século II, instaurando un tempo de paz e estabilidade, recoñecido como a época máis próspera de Roma. A continuidade dinástica, para evitar crises sucesorias, resólvese mediante a adopción do herdeiro entre os candidatos máis válidos. Nerva será unha figura de transición, un senador de avanzada idade que recupera a tranquilidade perdida con Domiciano. Da man de Traxano, emperador de orixe hispana, o Imperio acadará a súa máxima extensión territorial coa conquista da Dacia (Romanía) e Arabia. As riquísimas minas de ouro da Dacia permitirán sufragar grandes obras en Roma (o foro ou a columna Traxana), así como unha política asistencial en beneficio dos nenos da península itálica ou na procura da restauración da agricultura peninsular. Hadriano, outro emperador hispano, será o gobernante romano máis viaxeiro, percorrerá as provincias para coñecer de primeira man as necesidades dos seus súbditos. Dedicarase a manter o extenso *limes* fixado polo seu antecesor, levantando muros defensivos (como o que en Britania percorría 120 km). O seu sucesor, Antonino Pío, será coñecido como o emperador perfecto, un home piadoso, preocupado por atender os grupos máis desfavorecidos (esclavos, libertos). Na mesma liña sitúase Marco Aurelio, o emperador filósofo (autor das *Meditacións*, onde se recolle o seu pensamento estoico). Non obstante, no seu goberno comezan a cambiar as circunstancias, sobre todo nas fronteiras: Roma ten que afrontar ataques, cada vez máis perigosos no *limes* oriental (da man dos partos), nas fronteiras renana e danubiana ou en Britania. Ademais, Marco Aurelio rompe a tradición antonina de elixir o sucesor máis idóneo e opta polo seu propio fillo, Cómodo. Este asume o poder sendo moi novo e sen estar preparado. Desatende as fronteiras, provoca a hostilidade do Senado, adopta condutas impropias (como a

súa amizade con gladiadores ou a súas aspiracións a ser visto como un deus) que provocan finalmente o seu asasinato. Ao igual que Domiciano sufrirá *damnatio memoriae*.

Tras a morte violenta do último dos Antoninos ábrese un período convulso, a segunda anarquía. Así, no ano 193 ata cinco efémeros emperadores ocupan o poder: Pértinax, Didio Xuliano, Septimio, Clodio Albino e Percenio Nigro. Tras impoñerse na durísima batalla de Lugdunum, Septimio inaugura unha nova dinastía, a dos Severos, preludio da crise que percorrerá practicamente todo o século III.



### 6.3. A crise do século III

Na dinastía Severa, irregular e inestable, atopamos seis gobernantes en pouco máis de corenta anos (193-235): Septimio, Caracala e seu irmán Xeta, Macrino, Heliogábalo e Alexandre. O primeiro deles, Septimio Severo, será o máis determinante polo carácter fortemente militar que impón ao seu mandato; o exército non deixará de acaparar protagonismo político a partir de aquí. Reclamando unha adopción ficticia da familia dos Antoninos, asocia ao poder os seus fillos Caracala e Xeta. Terá que afrontar xa graves dificultades na fronteira oriental ante a ameaza persa. Outros Severos apenas gobernan (como Macrino, primeiro emperador de rango ecuestre e de orixe africana) ou Heliogábalo (un rapaz entregado á adoración do deus Sol). Sobresae nesta época unha medida adoptada por Caracala: a concesión do dereito de cidadanía a toda a poboación libre do Imperio no ano 212. O obxectivo era, ante todo, simplificar a xestión administrativa e mellorar así a recadación fiscal en tempos xa de importantes desequilibrios financeiros. O último severo será Alexandre, outro emperador incapaz no ámbito militar, esta vez ante os persas, o cal acaba sendo asasinado como outros dos seus predecesores.

Entramos así de cheo na interminable crise do século III, marcada polas seguintes características: a ameaza exterior; a inestabilidade (continuos golpes de Estado: en 50 anos reinan arredor de vinte emperadores); o poder do exército (que nomea e depón gobernantes); inflación e depreciación da moeda; declive de agricultura, industria, comercio



e do sistema escravista; retroceso da vida urbana e ruralización; incremento da presión fiscal; forte descenso demográfico e busca de novos apoios relixiosos ante o fracaso das divindades tradicionais. Neste período distínguense dúas etapas. Na primeira, a anarquía militar (235-268: Maximino o Tracio, Gordiano, Gordiano III, Filipo o Árabe, Decio, Treboniano Galo, Valeriano, Galieno), a situación chega a ser tan crítica que dúas rexións se independizan de Roma (Reino de Palmira e Imperio Galo). Na segunda, a dos emperadores ilirios (268-284: Claudio o Gótico, Aureliano, Tácito, Aurelio Probo, Caro e os seus fillos, Carino e Numeriano), comeza a lenta recuperación que senta as bases para a restauración do Imperio da man de Diocleciano.

#### 6.4. A restauración de Diocleciano

Diocleciano (284-305) ensaia unha nova solución aos graves problemas da época co goberno da tetrarquía: dous emperadores (Augustos: Diocleciano e Maximiano) e, por debaixo deles, dous vice-emperadores (Césares: Galerio e Constancio) que os sucederían. O Imperio non se dividía, só se establecían ámbitos xeográficos de competencia: na parte oriental, Diocleciano (desde Antioquía e Nicomedia, para gobernar Oriente) e Galerio (desde Sirmio, para o ámbito ilírico); e, na parte occidental, Maximiano (desde Aquileia ou Milán, para atender Italia, África e península ibérica) e Constancio (desde Tréveris, sobre as Galias e Britania).

Os tetrarcas aplicaron un ambicioso programa de reformas: promoción de cabaleiros e persoal cualificado na administración; división provincial e unha nova circunscrición, as

dioceses (doce, agrupando as provincias); no exército primáronse as unidades móbiles, de menor tamaño, e a cabalería, e estableceuse un sistema de fortíns nas fronteiras; para paliar a inflación cuñouse unha moeda de bronce, o *follis*, limitáronse os prezos e impúxose un novo tributo (*iugatio-capitatio* sobre a produción da terra). No ámbito relixioso o século III provocara enorme desconfianza sobre as divindades tradicionais, impotentes ante a crise; a xente buscou novos deuses: Mitra (de orixe persa), Isis ou Serapis (chegados de Exipto); desde Xudea expandiuse con forza o cristianismo. Os tetrarcas defenderon a relixión tradicional e perseguiron os cristiáns con determinación da man de Galerio (303-304); porén, as súas medidas tiveron pouco efecto ante o incremento imparabile do número de fieis, sobre todo en Oriente.

#### 6.5. O século IV: un tempo de transición

A tetrarquía procurara garantir o relevo no poder cos Césares. Non obstante, non superou o primeiro goberno pola ambición de varios personaxes que reclamaron dereitos sucesorios: Constantino (como fillo de Constancio) e Maxencio (como fillo de Maximiano), que desataron unha nova guerra civil. Finalmente, Constantino borrou o sistema tetrárquico (305-337, en solitario desde o 326) e impuxo un dominio que se prolongou cos seus fillos. A súa política buscaba afianzar a centralización do Estado, malia ser continuísta respecto de varias medidas dos tetrarcas (no ámbito militar, fiscal ou monetario).



Os tetrarcas. Tesouro de San Marcos, en Venecia

Constantino pasa á historia pola súa activa defensa da causa cristiá. Así, o edicto de Milán, no ano 313, supón a liberdade de culto, o que lle permite ao cristianismo saír da clandestinidade; mentres o Concilio de Nicea (325), que el impulsa, logra a unidade ideolóxica da Igrexa e establece o dogma trinitario. Por outra banda, funda unha nova cidade en Oriente, na vella Bizancio, Constantinopla, evidenciando xa a importancia cada vez maior que esta rexión ten no Imperio: Roma comeza a perder un protagonismo que nunca máis vai recuperar.

A centuria continúa con mandatarios menores, sen maior transcendencia, excepto dous nomes, tamén vinculados coa política relixiosa: Xuliano e Teodosio. Xuliano (360-363) foi un emperador filósofo, liberal e pagán. Tentou recuperar a prosperidade do tempo dos Antoninos mediante a redución dos gastos burocráticos e da presión fiscal; revitalizando a vida municipal ou suprimindo privilexios do clero (de aí o cualificativo de «apóstata» que lle outorgaron os autores cristiáns). Representou a última esperanza do paganismo romano. Tras o mandato transitorio de Xoviano (363-364), as tropas nomean a Valentiniano I (para a parte occidental do Imperio) e a Valente (para a oriental). Trátase da primeira repartición efectiva do Estado: cada territorio ten a súa corte, aparato administrativo e exército propios; no fondo responden a tradicións culturais, lingüísticas e relixiosas distintas, sen esquecer que as condicións económicas eran tamén diferentes: Oriente gozaba dunha situación moito máis próspera.

De xeito moi breve, Teodosio volve reunificar o Imperio (388-395); será o último emperador que o logre. Establece a súa corte en Milán, onde se deixará influír de maneira notable polo bispo Ambrosio de Milán. Así, promulga o edicto de Tesalónica, polo cal, finalmente, o cristianismo se converte na única relixión oficial do Estado. O seus fillos inician o relato de dous imperios con traxectorias independentes: Arcadio (en Oriente, con capital en Constantinopla) e Honorio (en Occidente, con capital en Milán).

#### 6.6. O século V: a conta atrás

En Occidente a situación faise insostible. Honorio (408-423) vese superado polo ataque dos godos que mesmo saquean Roma. O líder bárbaro, Ataúlfo, casa con Gala Placidia (irmá de Honorio). Desta maneira, a impotencia do emperador converte os godos en colaboradores seus, mentres outras comunidades desbordan o *limes*: vándalos (401), visigodos (403), suevos (406), burgundios (409) etc. Pero non só entran no Imperio, como fixeran antes en numerosas ocasións (saqueando territorios), senón que agora se establecen de maneira permanente: vándalos e alanos en África (Mauritania, Numidia); suevos na Gallaecia; visigodos en Hispania; saxóns en Britania; ostrogodos en Italia ou francos na Galia. Os movementos destes grupos xermánicos, procedentes do norte e leste de Europa e de orixe indoeuropea, agora acadan unha dimensión inédita. Eles foxen tamén doutra ameaza, a provocada polo hunos de Atila, que desde Oriente avanza arrasando rexións enteiras. Os romanos chamábanos a todos, de forma xenérica, «bárbaros» porque farfallaban, literalmente falaban dun xeito estraño («bar, bar, bar»).

A decadencia do Imperio romano occidental é xa irreversible e o Estado como poder central vaise esvaecendo. Varios factores inciden nela, ademais do máis evidente, as invasións masivas de pobos bárbaros. De feito, estas triunfan por circunstancias internas da propia Roma que desde o século III sufrira enormes dificultades de orde política e social que agora se agravan. A crise é total: inestabilidade institucional (sucédense os emperadores marioneta en mans do exército); burocratización excesiva; barbarización das tropas; fonda crise económica, co declive de artesanía e comercio, que provoca un empobrecemento xeneralizado e a volta ao troco ante a desconfianza na moeda; inseguridade, que produce o abandono das cidades e a ruralización; extensión do latifundismo e do padroado, ou crise espiritual.

O episodio que pon o punto final ao Imperio romano de Occidente ten lugar no ano 476. Flavio Rómulo Augusto (pexorativamente Augústulo) é nomeado emperador polo seu pai, un funcionario do Estado. Pola

súa vez, o exército de Milán designa emperador o bárbaro Odoacro: este declarouse rei do pobo e renunciou ás insignias imperiais. Resulta todo un paradoxo que a historia de Roma comece cun Rómulo e remate con outro... Non obstante, para os propios romanos a entrada masiva de bárbaros desde principios da centuria marcará a fin do seu Estado. E non esquezamos (obviando o noso eurocentrismo) que o Imperio de Oriente, o bizantino, manterase case mil anos máis, ata 1453.

## 7. Conquista, integración e imperialismo

Roma non só derrotou e conquistou innumerables territorios senón que integrou grandes culturas (Cartago, Exipto, Palestina e Siria, Grecia e Macedonia) nunha nova realidade. Así, o mundo antigo transformouse no mundo romano arredor do mar Mediterráneo, de aí que o denominasen Mare Nostrum. Os romanos vencían e convencían; asimilaban e integraban, combinando a forza das armas coa diplomacia e a política.

Entre o s. V e mediados do III a. C., Roma faise co control de toda a península itálica (loitando con latinos, samnitas, etruscos ou gregos, entre outros). Desde un primeiro momento incorpora estas comunidades aplicando un sistema complexo de diferentes réximes xurídicos, segundo os seus propios intereses e as circunstancias de cada caso. De todos os xeitos, todas elas contribuían a fortalecer Roma achegando a esta tanto riqueza como homes para o seu exército. Non foi un plan premeditado, senón que se foi forxando coa experiencia. Co tempo, e conforme as comunidades asumían a forma de vida romana, o sistema foise simplificando e unificando ante as dificultades de xestión que implicaba tanta diversidade. O punto de partida é a distinción entre os romanos (que gozan de todos os dereitos dun cidadán) e o resto. As comunidades máis afortunadas integrábanse directamente no Estado (*civitates optimo iure*); outras quedaban a medio camiño e, malia gozaren de certos privilexios, carecían de dereitos políticos (*civitates sine suffragio*); pola súa vez, os aliados ou *socii*, a maioría latinos, recibían un trato especial, o dereito latino ou *Ius Latii*; o resto das comunidades itálicas pactaban con Roma diversos acordos con condicións específicas (*civitates foederata*).

A partir de mediados do s. III a. C., controlada a península itálica, Roma pon os seus ollos fóra dela e lánzase dunha maneira decidida a conquistar o Mediterráneo. Primeiro, na parte occidental, enfrontárase á principal potencia da rexión, Cartago. Será un longo conflito, prolongado durante máis dun século (264-146 a. C.) e dirimido nas tres guerras púnicas: a primeira, 264-242 a. C., polo control de Sicilia; a segunda, 218-201 a. C., centrada na península ibérica, e a terceira, 149-146 a. C., coa destrución de Cartago. Roma mostrou aquí a súa determinación por converterse nunha potencia hexemónica; non parou ata acabar co seu rival e superou enormes

dificultades, como carecer dunha flota nos primeiros anos e axiña ser capaz de superar no mar a toda unha potencia naval. Foi audaz e nunca renunciou a aprender do seu inimigo, aspectos claves nos seus futuros éxitos militares. Pola súa vez, os cartaxineses, da man da familia dos Barca (Haníbal, entre outros), malia poñeren contra as cordas os romanos en varias ocasións, non puideron coa súa estratexia no campo de batalla, liderados polos Escipións.

Asemade, mostrando unha capacidade militar inusitada e unha enorme ambición, Roma afrontou outros grandes conflitos no Mediterráneo oriental. O obxectivo era suprimir calquera rival que puidese cuestionar o seu dominio. Así, aniquilou primeiro o reino macedónico (Pidna, 168 a. C.), incorporando Grecia ao seu control; e logo derrotou os seléucidas (Magnesia, 190 a. C.), dominadores dun enorme Estado, e fíxose coa riquísima Siria. O mesmo ano que destruíu Cartago, 146 a. C., arrasou tamén Corinto. Só podía quedar unha potencia en pé e esa foi Roma.

Os territorios extraitálicos son integrados como provincias: a primeira foi Sicilia (tras a vitoria sobre os cartaxineses); logo virán Sardeña, as Hispanias, Grecia, etc. A tendencia será o incremento progresivo e a división en territorios menores para a súa mellor administración. No momento de maior desenvolvemento (ca. 300) chegará a haber arredor de cen provincias. A xestión da provincia recaerá nun maxistrado, propretor ou procónsul, e dentro de cada circunscrición as comunidades terán diferentes réximes xurídicos. O modelo será similar ao practicado na integración da península itálica. As comunidades, en función dos intereses de Roma e das súas propias características, recibirán diferente trato. As máis privilexiadas asumiran a condición de *municipium*. Roma tamén fundará novos asentamentos, colonias, de dereito latino ou romano. As comunidades máis remisas ao control romano, *dediticiae*, serán sometidas a duras esixencias.

